

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Agosto 2008

### NOTA DE PRENSA

## En agosto de 2008 os prezos dos bens exportados e importados en Galicia creceron en termos interanuais un 4,2% e un 19,5% respectivamente

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia aumentaron un 4,2% en agosto de 2008 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos experimentaron un incremento interanual do 19,5%.

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados creceron un 2,0% e os dos importados un 9,9%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

### Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens intermedios foi do 7,3%, do 2,7% para os bens de consumo e do -0,9% para os bens de equipo.

Nas importacións, os prezos dos bens de equipo aumentaron un 58,5% con respecto a agosto de 2007, os dos bens intermedios un 22,6% e os dos bens de consumo un 2,2%.



## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Agosto 2008

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	Do mes	Da media do que vai de ano		Do mes	Da media do que vai de ano
<b>ÍNDICE XERAL</b>	<b>4,2</b>	<b>2,0</b>	<b>ÍNDICE XERAL</b>	<b>19,5</b>	<b>9,9</b>
Bens de consumo	2,7	0,5	Bens de consumo	2,2	-0,6
Bens de equipo	-0,9	-1,3	Bens de equipo	58,5	-6,5
Bens intermedios	7,3	5,1	Bens intermedios	22,6	15,4

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

### Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse un incremento interanual do 4,5% nos prezos de bens con destino aos países da OCDE, do 4,2% para os bens con destino a UE-25 e do 4,1% para a Unión Económica e Monetaria.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE incrementáronse un 18,4% e os do resto de países un 21,0%.

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Agosto 2008

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	Do mes	Da media do que vai de ano		Do mes	Da media do que vai de ano
UEM	4,1	1,8	UEM	13,1	3,7
UE-25	4,2	1,7	UE-25	14,5	3,6
OCDE	4,5	2,3	OCDE	18,4	7,8
Resto de países	3,2	-0,4	Resto de países	21,0	14,1

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_ivus\\_ref\\_2005\\_ga.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf)

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>